

**O DEREITO CIVIL DE GALICIA COMO UN DOS ELEMENTOS
DEFINIDORES DA SÚA PERSONALIDADE. REFLEXO DA REALIDADE
SOCIO-LABORAL**

[*THE CIVIL LAW OF GALICIA AS ONE OF THE DEFINING ELEMENTS OF
ITS PERSONALITY. A MIRROR OF THE SOCIAL AND LABOR REALITY*]

Xesús Palmou Lorenzo

Fecha de recepción: 20 de febrero de 2015

Fecha de aceptación: 23 de marzo de 2015

Sumario: I. A SÚA XÉNESE.- II. A REGULACIÓN ACTUAL.- III. PERSPECTIVAS DE FUTURO DO DEREITO CIVIL DE GALICIA.- BIBLIOGRAFÍA.

Contents: I. ITS ORIGIN.- II. THE PRESENT REGULATION.- III. FUTURE PERSPECTIVES OF THE CIVIL LAW OF GALICIA.- BIBLIOGRAPHY.

Resumen: Este trabajo analiza instituciones clave del Derecho Civil de Galicia en el contexto del siglo XXI, marcado por la influencia de Derecho de la Unión Europea en todos los planos, lo que obliga a propugnar cambios para hacer efectivo el principio de igualdad de hombres y mujeres, también en lo tocante al ejercicio de actividades autónomas.

Abstract: This paper analyzes a number of key institutions of the Civil Law of Galicia in the context of the XXIth century, which is marked by the influence of the Law of the European Union at all levels, what compels to encourage changes to make effective the principle of equality between men and women, likewise in what relates to the performance of self-employed activities.

Palabras clave: Dereito Civil de Galicia — Dereito da Unión Europea — Traballo autónomo

Keywords: Civil Law of Galicia — European Union Law — Self-employment

* * *

I. A SÚA XÉNESE

Téndose cumpridos os 50 anos da Compilación do Dereito Civil de Galicia, no vinte aniversario da promulgación da Lei 4/1995 do noso Parlamento sobre a mesma materia, paréceme o momento oportuno para recordar a súa xénese e honrar os que a fixeron posible, analizando a súa transcendencia e proxección no ordenamento xurídico de Galicia tras a promulgación da vixente Constitución.

É preciso recordar, en primeiro lugar, que o proceso codificador que se puxo en marcha a finais do século XIX non recollía inicialmente Galicia como territorio de dereito foral, como facía con Aragón, Baleares, Cataluña, Navarra e Biscaia. Foi o Real Decreto do 2 de febreiro de 1880, promulgado polo entón Ministro de Gracia y Justicia, o galego Saturnino Álvarez Bugallal, o que, ao modificar a Comisión Xeral de Codificación, inclúe nesta un representante de Galicia, outorgándolle así a condición de territorio con dereito civil propio, equiparando usos e costumes que se desenvolven en Galicia á marxe da lexislación castelá, ao dereito de orixe foral doutros territorios, tal como se recolle no seu preámbulo, ao referirse a elas como “institucións antigas, xa xerais, xa locais, que non son outra cousa senón costumes e tradicións convertidas en leis e sobre as que non se pode pasar caprichosa e arbitrariamente a niveladora duna igualdade quimérica”.

Foi, pois, a vontade do ministro Álvarez Bugallal a que propiciou este cambio. Pero na súa conformación, xunto coa súa condición de galego, estivo presente, sen dúbida, o consello de seu amigo Manuel Murguía. Así se deduce da cariñosa e agradecida dedicatoria que este último lle fai ao ministro na súa obra *“El Foro. Sus orígenes, su historia, sus condiciones”*. No seu prefacio, referíndose sempre a Álvarez Bugallal, afirma: *“Tal foi precisamente o que quixo o ilustre home público chamado, tanto pola sorte como pola propia iniciativa, a unificar e á vez enriquecer o Código Civil español, dando entrada nel aos elementos provinciais, ata hoxe desdeñados, recollendo como en fonte limpa todos os claros arrosos da lexislación patria. Galicia, que tivo un pasado case autonómico, non podía ser esquecida: tiña e ten un dereito propio que é preciso conservar, porque responde á súa historia e á vida especial desta descoñecida comarca”*. É axeitado poñer de manifesto como dous homes, Álvarez Bugallal e Murguía, con dispar militancia e sensibilidade ideolóxica, non dubidaron en remar na mesma dirección a prol do recoñecemento da singularidade do noso dereito civil.

Coa promulgación da Lei de Bases do Código Civil, do 11 de maio de 1888, que respecta a existencia e integridade dun dereito civil propio de Galicia, o

lexislador estatal asume a tarefa de compilar as institucións de dereito civil foral ou especial alí onde existan, e convertelas en Lei estatal, con vixencia limitada ás correspondentes provincias e territorios, reforzando así a singularidade xurídica destas, aínda cando esta circunstancia puidera supoñer un freo para a súa integración, modificación, desenvolvemento e modernización.

Tras o proxecto de memoria e apéndice do Código Civil de Pérez Porto en 1915, que non adquiriu rango legal, será en 1963 cando a Lei 147/1963 do 2 de decembro, aproba a Compilación do Dereito Civil especial de Galicia. Unha compilación certamente incompleta, que nada regula en materia de familia e en materia de sucesións, salvo o dereito de “labrar e posuír”. Un contido claramente condicionado pola aplicación uniformadora, durante máis de sesenta anos, dun Código Civil que veda o costume contra lei, formas testamentarias e normas de dereito de familia e sucesións observadas en Galicia profusamente antes da súa publicación. En consecuencia, pódese afirmar que o contido da compilación dista moito da súa transcendencia histórica na conformación do dereito civil postconstitucional da nosa comunidade.

II. A REGULACIÓN ACTUAL

O artigo 149.1.8 da Carta Magna, que atribúe ao Estado a competencia sobre a *“Lexislación civil, sen prexuízo, da conservación, modificación e desenvolvemento polas Comunidades Autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan”*, fai incontrovertible a lexitimidade de Galicia para legislar en materia de dereito civil propio. Así, recóllese como competencia exclusiva de Galicia no artigo 27.4 do Estatuto de Autonomía a *“conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do dereito civil galego”*.

Tras a aprobación da Lei 7/1987, do 10 de decembro, de integración da Compilación de 1963 no ordenamento xurídico autonómico como base do noso futuro dereito civil, o Parlamento galego en 1993 designa unha comisión conxunta integrada por un representante de cada grupo parlamentario, da que tiven a honra de formar parte, que elabora o texto da Lei 4/1995. A comisión nos seus traballos tivo á vista dous textos elaborados por cada súa comisión extraparlamentarias, que claramente diferían en canto ao alcance do noso dereito civil e o seu sistema de fontes. O Parlamento adopta unha posición ecléptica entre o dereito consuetudinario que parcialmente recollía a compilación do 63, e outras institucións que, non aparecendo na Compilación, tiveran presenza social á marxe do Código.

No proceso de elaboración do dereito civil nos distintos territorios e tamén en Galicia, pónense de manifesto dúas tendencias contrapostas extremas. Unha conservadora, que limita o dereito civil propio dos distintos territorios ao integrado polas institucións vixentes no momento da entrada en vigor da Constitución, sen posibilidade de ampliación, dando ás palabras conservar, modificar e desenvolver, un sentido limitativo; e outra tendencia expansiva, que entende que a expresión “desenvolver” lles permite ás comunidades autónomas legislar sobre institucións non presentes con anterioridade na súa lexislación civil propia.

Fronte a estas dúas posicións extremas, o Tribunal Constitucional nas súas sentenzas 182/1992 e 88/1993 ven poñer as cousas no seu sitio, sentando doutrina no sentido de que as comunidades autónomas con dereito civil propio ao abeiro do artigo 149.18, pola vía do desenvolvemento establecido neste, poden legislar non só sobre institucións presentes nas compilacións anteriores á Constitución, senón tamén sobre institucións conexas con estas, dándolle así ao termo “desenvolvemento” un sentido distinto e máis amplo que a simple modificación, que tamén recolle o mencionado artigo.

En total consonancia con esta doutrina, a comisión conxunta do Parlamento, tendo á vista un texto da Comisión Superior do Dereito Civil de Galicia, elaborou a vixente Lei 2/2006, do 14 de xuño, modificada parcialmente pola Lei 10/2007, do 28 de xuño, que reforma a súa Disposición Adicional terceira. Á luz da experiencia, tras dez anos de vixencia da anterior, a lei actual rompe co sistema de fontes adoptado por aquela, de tal maneira que a lei galega ocupa o primeiro lugar na prelación, desprazando o costume. Ademais, amplía considerablemente o seu contido, sendo especialmente destacable a incorporación dunha lexislación de novo cuño en materia de protección de menores, adopción, autotutela, e modificacións substanciais en materia sucesoria, especialmente no que se refire a lexítima. En cuestión de lexítimas, afástase da regulación do dereito común e redúcese a de descendentes de dous terzos a un cuarto e desaparece a de ascendentes, co que se reforza a autonomía da vontade individual en clara consonancia coa actual realidade social. Por outra banda, na súa Disposición Adicional segunda, esta lei continúa a súa regulación máis polémica, é dicir, a equiparación ao matrimonio das relacións maritais mantidas con intención ou vocación de permanencia, acreditadas pola convivencia durante un ano, sen ningunha limitación nin esixencia de idade, capacidade nin inscrición rexistral. Os problemas orixinados na súa aplicación, propiciaron que fose modificada pola xa mencionada Lei 10/2007 que corrixe as deficiencias observadas.

III. PERSPECTIVAS DE FUTURO DO DEREITO CIVIL DE GALICIA

Non hai dúbida de que a interpretación xurisprudencial do Tribunal Constitucional propicia que as sucesivas actualizacións quinquenais da vixente lei, previstas na súa Disposición Adicional primeira, poidan incidir non só na súa actualización ou modificación senón tamén na súa ampliación, podendo incorporar así institucións conexas coas presentes.

En consecuencia, a permanente modernización e aproximación do noso dereito civil propio á realidade social é competencia e responsabilidade da comunidade autónoma, incidindo non só nas institucións directamente recollidas na súa lexislación, senón tamén naquelas outras conexas que, dunha ou outra maneira, contribúan á articulación dun sistema xurídico civil integrado e homoxéneo, máis alá dunha suma de institucións fragmentaria e incompleta. Nesta liña, corresponde á comunidade autónoma de Galicia a iniciativa para levar a cabo esta permanente posta ao día do seu dereito civil, garantindo o seu futuro e o seu permanente servizo á sociedade, en harmoniosa convivencia co dereito civil común, actuando sobre todas as cuestións en que se aprecien condicións de especificidade e conexión co dereito propio, xa lexislado ou consuetudinario.

Transcorridos xa máis de cinco anos desde a última reforma, parece necesario continuar co labor de análise e posible actualización dalgunha das institucións. Neste sentido, e sen prexuízo doutros aspectos, parece chegado o momento de acometer unha reforma da regulación do réxime económico do matrimonio, pois, aínda cando o matrimonio é, ante todo, xerador de relacións persoais e afectivas, a comunidade de vida esixe un soporte económico que determina a necesidade dun réxime xurídico que o regule, sendo esta materia hoxe de indiscutible competencia da nosa comunidade autónoma.

A actual regulación, que establece como réxime económico legal e supletorio de primeiro grao o de gananciais, responde claramente a unha realidade social propia de finais do século XIX, na que o réxime de gananciais, nun matrimonio indisoluble, supoñía unha garantía para a muller casada, sometida a potestade marital e entregada a procreación e coidado dos fillos e do fogar; mentres o esposo tiña atribuída en exclusiva a administración do patrimonio, incluídos os bens parafernais ou propios da muller, e o sustento da familia.

Os cambios operados ao longo do século XX, alumearon unha realidade social completamente distinta a de 1889, que o actual ordenamento xurídico non pode descoñecer. Nunha situación de absoluta igualdade legal entre homes e mulleres, na que o matrimonio xa non é sempre entre persoas de distinto sexo e, practicamente, un de cada dous acaba en divorcio, propiciando que convivan

frecuentemente fillos procedentes de distintas unións; o ben xurídico que se pretende contemplar e protexer, á hora de legislar sobre réxime económico do matrimonio, é moi distinto o de fai máis de cen anos. É, cando menos, dubidoso que o réxime económico imposto, a falta de capitulacións matrimoniais, é dicir, a falta de vontade expresada polos contraentes, deba ser o de gananciais. Mentres o réxime de gananciais pon o acento no principio de comunidade económica e compensación o cónxuxe desfavorecido na desigualdade imperante no século XIX, o de separación de bens pon o acento nos principios de liberdade, igualdade e independencia laboral e económica dos cónxuxes que deben decidir libremente, o contraer matrimonio, se desexan que o cambio de estado civil entrañe tamén un cambio no seu estatus económico patrimonial anterior. De non constar tal decisión expresa, o réxime supletorio de primeiro grao debería ser o de separación de bens, reforzando así a autonomía da vontade fronte a unha previsión legislativa caduca e propia doutros tempos.

É certo que actual igualdade legal entre homes e mulleres non se corresponde exactamente coa realidade cotiá, convivindo con situacións de desigualdade e discriminación da muller en ámbitos tan relevantes como o acceso ao mercado laboral, retribución salarial a igualdade de traballo e desequilibrio no reparto de tarefas no ámbito doméstico.

Son aínda moitas as mulleres que, por imperativos que nada teñen que ver coa súa vontade, seguen centrando a súa actividade no coidado dos fillos e nas tarefas domésticas sen remuneración algunha. Seguen existindo, no ámbito rural galego, infinidade de membros da parella que realizan a súa actividade na explotación familiar, titularidade do cónxuxe, sen a correspondente retribución. Pero estas situacións non xustifican o mantemento dunha regulación anacrónica no ámbito económico matrimonial. Pola contra, xustifican e requiren, a adopción de medidas legais e de todo tipo que, removendo os elementos de discriminación dean axeitada resposta ás situacións de desigualdade que aínda se dan na sociedade actual.

Nesta liña, atópase claramente a Lei 31/2011 de 4 de outubro, sobre titularidade compartida de explotacións agrarias, que pretende o recoñecemento do traballo da muller no ámbito agrario e a súa protección por parte da Seguridade Social, ando así cumprimento efectivo ao principio de igualdade e non discriminación proclamado na Constitución española, e que, a nivel europeo, recolle a directiva 2014/41 UE do Parlamento Europeo e do Consejo, de 7 de xullo de 2010 sobre a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exercen unha actividade autónoma.

A praxe, a realidade, acredita canto queda dito. A comunidade de Valencia no ano 2008 substitúe o réxime de gananciais polo de separación na súa prelación a falta de capitulacións, atendendo a unha demanda social, que os datos posteriores fan incuestionable. No ano 2007, 7.084 parellas valencianas subscribiron pactos de separación de bens evitando a ganancialidade legal. No ano 2013, xa réxime supletorio de separación, só 58 parellas optaron por un réxime de gananciais.

Estas reflexións abundan na necesidade de abordar unha posta ó día da lexislación nesta materia, facendo posible incluso que sexan os propios contraentes, no momento de outorgar o seu consentimento matrimonial, os que decidan o réxime económico legal polo que libremente optan, xogando a supletoriedade só para o caso de non exercer opción algunha.

BIBLIOGRAFÍA

—BELLO JANEIRO, D. (1996). *Instituciones de la Ley 4/1995 de 24 de mayo de Derecho Civil de Galicia*. Consejo General del Poder Judicial- Xunta de Galicia. Madrid.

—IGLESIAS FERREIRÓS, A. (1990). *El Código Civil y el Derecho gallego. Derecho privado y revolución burguesa*. Marcial Pons. Madrid.

—MURGUÍA, M. (1882). *El Foro. Sus orígenes, su historia, sus condiciones*. Librería de Baylliere. Madrid.

—PALMOU LORENZO, X. (2007). *Las aparcerías agrarias. La aparcería en el derecho propio de Galicia*. Editorial Reus.

—RODRÍGUEZ ENNES, I. (1999). *Aproximación a la historia jurídica de Galicia*. Escola Galega de Administración Pública. Santiago de Compostela.